



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1	registro.xeral@vilanovadearousa.com	Tfnos.: 986 554 021
36620 Vilanova de Arousa	www.vilanovadearousa.com	986 554 082
Pontevedra		986 555 102
		Fax: 986 554 069

BANDO

**GONZALO DURÁN HERMIDA, Alcalde-Presidente do Concello de
Vilanova de Arousa,**

FAI SABER:

Que o concello deberá elixir un **XUIZ DE PAZ TITULAR** deste municipio para o período comprendido entre os anos 2017 e 2021, nos termos previstos na Lei 6/1985, do 1 de xullo, Orgánica do Poder Xudicial.

Os **REQUISITOS** para ser designado Xuíz de Paz Titular son es seguintes:

- Ser español, maior de idade e non estar impedido física ou psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial.
- Non estar condenado por un delito doloso mentres non se teña obtida a rehabilitación; non estar procesado por delito doloso en tanto non se sexa absolto ou se dite auto de procesamento.
- Estar en pleno exercicio dos dereitos civís.
- Non resulta necesario ser licenciado en dereito.

Ábrese un prazo que rematará o vindeiro día **12 de MAIO de 2017** para que as persoas que estean interesadas e reúnan as condicións legais, presenten no Rexistro Xeral do concello a súa solicitude acompañando á mesma documentación que no dito Rexistro se lle indique.

Caso de non haber ningún solicitante a Corporación elixirá libremente comunicando a súa decisión ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Vilagarcía de Arousa e á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Vilanova de Arousa a 30 de marzo de 2017.

O ALCALDE.

GONZALO DURÁN HERMIDA

